




ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN DE JUSTIZIA

**JDO. DE LO SOCIAL N. 1 SANTIAGO DE COMPOSTELA**

POLIGONO DE FONTIÑAS. RUA VIENA. EDIFICIO XULGADOS  
Tfno. : 981540438/39  
Fax: 981540440

01020  
N.I.G.: 15078 44 4 2009 0000184



OK

7/10/11

*[Firma manuscrita]*

*Notifícarle a*

*STO +  
aprobado  
3 mes  
y Excei*

**Nº AUTOS: DEMANDA 0000093 /2009**

**MATERIA: ORDINARIO .**

**DEMANDANTE/S:**

**DEMANDADO/S:** PROSEGUR CIA DE SEGURIDADE SA

**CEDULA DE NOTIFICACION**

Por la presente queda Vd. notificado de la resolución cuya copia literal **SE ADJUNTA**, dictada en el procedimiento que con el número 0000093 /2009, seguidos ante este Juzgado de lo Social a instancia de **CONSTANTINO FUENTES**, contra PROSEGUR CIA DE SEGURIDADE SA, sobre CANTIDAD, con las advertencias que en ella se recogen.

SENTENCIA MR.

Y para que sirva de notificación a **CONSTANTINO FUENTES** con domicilio en LDO. UGT, expido y firmo la presente en SANTIAGO DE COMPOSTELA, a quince de Julio de 2011.

**LA SECRETARIA JUDICIAL**






ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

# JDO. DE LO SOCIAL N. 1 SANTIAGO DE COMPOSTELA

SENTENCIA: 00310/2011



ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

XULGADO DO SOCIAL Nº 1 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

EXPEDIENTE Nº 93 / 2009.

En Santiago de Compostela, a 12 de xullo do 2011.



## SENTENZA.

Vistos por min, a maxistrada- xuíz Dona. María Paz Filgueira Paz, os presentes autos de reclamación de cantidade, presentados pola parte demandante D. C s, baixo a dirección técnica da sr. Blanco Lobeiras, e aparecendo como parte demandada entidade Prosegur, compañía de seguridade SA, que non comparece a pesar de estar legalmente citada.

### ANTECEDENTES DE FEITO.-

**PRIMEIRO.-** Que con data de 21 de xaneiro do 2009, preséntase pola parte demandante D. s, demanda de reclamación de cantidade, contra a parte demandada entidade Prosegur, compañía de seguridade SA.

**SEGUNDO.-** Con data de 24 de marzo do 2009, admítase a trámite a demanda, e de conformidade co disposto no artigo 82 da lei de procedemento laboral, cítase ás partes para xuízo, que se celebra con data de 12 de xullo do 2011.

**TERCEIRO.-** No momento do xuízo oponse a parte demandada, e unha vez practicadas as probas propostas e declaradas pertinentes, queda o expediente visto para sentenza.

No desenvolvemento deste proceso, observáronse todas as prescricións legais de pertinente e xeral aplicación.

### FEITOS PROBADOS.



**PRIMEIRO.-** Que a parte demandante presta servizos para a parte demandada, como persoal laboral ca categoría de vixiante de seguridade, cun contrato de xornada completa, cun salario anual pactado en contrato individual con rateo de pagas extras de 16.086, 34 euros, para o ano 2005, a cantidade anual de 15.992, 80 euros, para o ano 2006, e a cantidade de 16.570, 83 euros, para o ano 2007.



ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

**SEGUNDO.-** o salario do actor esta composto polos seguintes conceptos : salario base, antigüidade, plus de peligrosidade, plus de nocturnidade , plus de fin de semá, plus de transporte , plus de vestiario.

**TERCEIRO.-** con data de 15 de setembro do ano 2005, presentouse demanda ante a sa do social da audiencia nacional, en impugnación de convenio colectivo, de empresas de seguridade privada, para con data de 21-2-2007, estimarse o recurso presentado, casase a anulase a resolución impugnada, declarando a nulidade do artigo 42 do convenio colectivo, en canto as horas extras, laborais e festivas dos vixiantes de seguridade, relativo o valor das horas extras.

**CUARTO.-** con data de 30-5-2011, dictase sentenza pola sa do social do tribunal supremo, en donde se desestima o recurso presentado pola asociación profesional de servicios de seguridade privada, en solicitude de non aplicación do convenio colectivo de seguridade por alteración das circunstancias.

**QUINTO.-** o actor realiza durante a anualidade 2005, un total de 247, 43 horas durante o ano 2006, un total de 185, 35 horas, e durante o ano 2007 un total de 275, 74 horas.

**SEXTO.-** a empresa demandada abona as horas extras das anualidade indicadas o actor en base so o salario base e o plus de antigüidade, mais peligrosidade, sen contar os restantes pluses.

**SETIMO.-** o actor cobra en cada mensuralidade incluída o mes de vacacions, todos os pluses, antigüidade, plus de peligrosidade, plus de nocturnidade , plus de fin de semá, plus de transporte , plus de vestiario.

**OITAVO.-** o plus de vestiario pagase a todos os vixiantes de seguridade con independencia de que porten ou non o uniforme.

**ULTIMO.-** Con data de 12 de marzo do 2008, ten lugar o acto de conciliación que remata sen avinza, sendo que a empresa demandada indica no acto de conciliación que debe estarse a sentenza de conflito colectivo dictada, polo TS de data de 21-2-2007.




### FUNDAMENTOS DE DEREITO.-



**PRIMEIRO.-** En primeiro lugar, e quedando acreditada a prestación das horas extras en demanda da como se desprende as nominas aportadas, nas cales se retribue polas mesmas, a parte demandante, solicita que en base as sentenzas dictadas de forma firme e que vinculan a todo sector o estar afectado polos conflitos colectivos, resoltos, en data de 21-2-2007, estimando polo audiencia nacional, o recurso presentado, casase a anulase a resolución impugnada, declarando a nulidade do artigo 42 do convenio colectivo, en canto as horas extras, laborais e festivas dos vixiantes de seguridade, relativo o valor das horas extras, sendo que na mesma sentenza xa se determina que a remuneración das horas extras conforme o artigo 35 do ET, non pode ser inferior o valor da hora ordinaria asi como se concreta de xeito claro, que o importe da hora extra esta incluído todos os pluses que constituen a remuneración habitual do traballador, dado que todo no seu conxunto constitue salario a efectos de cálculo do montante do valor de cada hora extra, e



ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

non pode ser doutra forma dado que os pluses nomeados tal e como se comproba nas nóminas aportadas, son remunerados en todas as mensualidades incluídas en datas de vacacións e incluso son dobrados en cada paga extra o que implica que teñen unha categoría de concepto salarial e non de suplido polos gastos ocasionados, polo que teñen que ser remuneradas as horas extras conforme o convenio colectivo e conforme a sentenza xa firme da audiencia nacional que ademais debe manterse o mesmo criterio, dado que con data de 30-5-2011, dictase sentenza pola sala do social do tribunal supremo, en donde se desestima o recurso presentado pola asociación profesional de servizos de seguridade privada, en solicitude de non aplicación do convenio colectivo de seguridade por alteración das circunstancias, o que implica de novo a aplicación da estrutura salarial do convenio colectivo en todos os seus termos, e isto pola aplicación imperativa do efecto positivo da cousa xulgada tale como se prescribe no artigo 222 da Lcivil, , dado que

**SEGUNDO.-** conforme o establecido no fundamento anterior, o valor da hora extra en aplicación do artigo 42 do convenio colectivo, así en data de ano 2005 o valor ascende a cantidade de 8,50 euros, durante anualidade do ano 2006 a cantidade de 8,93, e durante anualidade de ano 2007 a cantidade de 9,21 euros, así e en función das horas extras realizadas : a demanda deba diferenzar do importe da hora extra, durante o ano 2005, a cantidade de 1,90 euros por un total de 247,43 horas durante o ano 2006 a cantidade de diferenzar por hora extra de 1,65 euros, por un total de 185,35 horas extras, durante ano 2007 a cantidade de a diferenzar de 1,89 euros a hora, a un total de 275,74 horas extras realizadas, ascendendo o montante debido pola empresa a un total de 1296,87 euros.



**DISPOÑO.**



**POLO EXPOSTO.** acollo a demanda presentada pola parte demandante D. \_\_\_\_\_, condeando a parte demandada entidade Prosegur, compañía de seguridade SA, conforme os razoamentos xurídicos, condeando a empresa demandada o pago o actor a cantidade de 1296,87 euros.

Esta resolución notificase ás partes facéndolles saber que contra a mesma non cabe recurso de suplicación ante o TSX de Galicia, conforme o artigo 189 da LPL.

Así o pronuncio mando e asino.

**PUBLICACIÓN.-** Dictada e leída a presente sentenza pola, xuíz que a dicta. Dou fe.